

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS:****CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

Corrección de erros.-Decreto 467/2005, do 1 de setembro, polo que se nomea director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) a Xoán Ramón Doldán García.

Advertido erro no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 169, do 2 de setembro de 2005, procede facer a seguinte corrección:

Na páxina 15.062, onde di: «En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro», debe dicir: «En virtude do establecido no artigo 8.1º da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

Resolución do 18 de agosto de 2005, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se procede ao vedado da pesca no río Zarzo.

De acordo co disposto no artigo 9 da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, no artigo 48 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio) e na Orde do 20 de xaneiro de 2000, pola que se fixan as normas xerais de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Vista a disposición adicional segunda da Orde do 11 de febreiro de 2005, pola que se fixan os períodos hábiles de pesca e as normas relacionadas con ela nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2005.

Visto o informe do Servizo Provincial de Conservación da Natureza sobre o episodio de contaminación e mortalidade piscícola que afectou aos ríos Zarzo e Mandeo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Proceder ao vedado do río Zarzo desde o seu nacemento ata a desembocadura no río Mandeo.

Esta veda establecerase ata comprobar a súa recuperación e procederase a levantala mediante nova resolución.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2005.

Javier Ruiz de Almirón Schlung
Director xeral de Conservación da Natureza

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Anuncio do 31 de agosto de 2005 polo que se procede a darlles publicidade ás listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos das categorías de traballador social e técnico en ergonómia e psicocioloxía aplicada, correspondentes ás convocatorias de selección temporal formalizadas polas resolucións da División de Recursos Humanos do 8 de novembro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* número 223, do 16 de novembro) e do 25 de xaneiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* número 33, do 17 de febreiro).*

De acordo co disposto na norma xeral 6 do pacto sobre selección temporal, unha vez rematado o proceso de baremación de méritos dos aspirantes inscritos nas categorías de traballador social e técnico en ergonómia e psicocioloxía aplicada, correspondentes ás convocatorias de selección temporal formalizadas polas resolucións da División de Recursos Humanos do Sergas do 8 de novembro de 2004 (DOG nº 223, do 16 de novembro) e do 25 de xaneiro de 2005 (DOG nº 33, do 17 de febreiro de 2005), por resolución da correspondente dirección provincial procederáse á publicación das listaxes provisionais derivadas das ditas convocatorias, en que se incluírá a relación dos aspirantes admitidos coa súa puntuación e a orde de prelación resultante desta, así como a relación dos aspirantes excluídos, con indicación da causa de exclusión.

As listaxes provisionais estarán expostas nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Sergas, así como na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Os interesados poderán formular reclamacións contra a resolución de publicación das listaxes perante a dirección provincial correspondente no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2005.

Antolín Rodríguez Martínez
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA****AUDIENCIA PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA (SECCIÓN TERCEIRA)**

Edicto (336/2005).

En Pontevedra, 12 de xullo de 2005.

Visto o recurso de apelación contra a sentenza recaída nos autos de xuízo de procedemento ordi-